

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS A TRÁMITE PARA ORGANIZAR OS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA NO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2023/2024 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA

Por resolución reitoral do 22 de decembro de 2023 publicouse a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas a trámite na convocatoria de axudas para a organización de obradoiros de extensión universitaria no segundo cuadrimestre do curso 2023/2024, no campus de Pontevedra

Unha vez transcorrido o prazo previsto para alegacións, e en vista das recibidas, esta reitoría **RESOLVE**:

Primeiro. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para a organización de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2023/2024, no campus de Pontevedra (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

O reitor

Por delegación (R.R. do 31/10/2023, D.O.G. do 10 de novembro)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO I

Listaxe definitiva de solicitudes admitidas a trámite para organizar obradoiros no campus de Pontevedra durante o segundo cuadrimestre do curso 2023/2024

Título do obradoiro	Persoa encargada da dirección do obradoiro
Descubriendo as árbores: identificación e usos	Paula Estévez Caride
Tuft & Furious 2.0	Marcos Alberto Covelo Pérez
Creación, Xestión e Posicionamento de páxinas web desenvoltas con WordPress	Luis Xabier Martínez Rolán
Social Ads: publicidade en redes sociais (Meta e Tik Tok)	Javier Abuín Penas
Proxectos artísticos: elaboración, deseño e proceso	Román Corbato Pérez
Relacións Proceso Creativo-Terapéutico. O libro de Artista como fío conductor	Lucía Romani Fernández
Autodefensa contra a desinformación	Alberto Dafonte Gómez
Intelixencia Artificial Xenerativa para creadores de contidos	Javier Abuín Penas
Iniciación aos deportes de raqueta e pa: tenis e pádel	Iván Prieto Lage
Introducción ao Podcasting como ferramenta de comunicación	Luis Xabier Martínez Rolán
Ciberconvivencia	Ignacio Nicolás Fernández Sainz
Experimentación e expresión sonora	Iria Vázquez López
Técnicas cerámicas	María Consuelo Matesanz Pérez

Código seguro de Verificación : GEN-4b37-11ed-f2b8-2329-d2a0-e62c-a127-b506 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

